



Concello de
OURENSE

19/22.- ACTA EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 02 DE MAIO DE 2022

Na cidade de Ourense, o dous de maio de 2022, sendo as once horas (11h:00"), reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria en primeira convocatoria, na Casa do Concello, cos seguintes asistentes: Excmo. Sr Alcalde-Presidente: **D. Gonzalo Pérez Jácome**. Srs/as. Concelleiros/as: **Don Jorge Pumar Tesouro, dona Ana María Fernández Morenza, e don Armando Ojea Bouzo**, que actúa como Concelleiro-Secretario da Xunta, -non asistindo **don Antonio Fernández Martín e dona Flora Moure Iglesias**- -asiste como invitada: A Oficial maior, dona Silvia Alonso Fernández; -non asisten o Interventor municipal, don Gonzalo Alonso Álvarez, o Asesor xurídico, don Juan Ramón Costas Núñez e a letrada municipal-; ao obxecto de examinar os asuntos incluídos na orde do día e seguindo os informes dos pertinentes Servizos municipais, sobre os que se adoptaron os seguintes acordos:

PERSOAL E RECURSOS HUMANOS

Único.- Anexo ao Acordo regulador das condicións de traballo dos empregados públicos do Concello de Ourense e do Consello Municipal de Deportes sobre xornada especial dos funcionarios do Corpo de Policía Local que prestan servizo de patrullas. (Expediente nº 2022006054)

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

Único.- Ratificar a aprobación do anexo ao Acordo regulador das condicións de traballo dos empregados públicos do Concello de Ourense e do Consello Municipal de Deportes sobre xornada especial dos funcionarios do Corpo de Policía Local integrados no servizo de patrullas, co seguinte contido:

A) Ámbito de aplicación:

O presente anexo define a xornada especial de traballo dos funcionarios do Corpo da Policía Local do Concello de Ourense que desempeñan os seus postos de traballo no servizo de patrullas (incluíndo ao persoal da escala básica das categorías de policía e oficial que integra o servizo de patrullas).

A xornada do resto de funcionarios do Corpo da Policía Local regularase a través dos oportunos anexos específicos, manténdose ata entón a xornada que viñesen realizando con anterioridade.

B) Xornada especial dos funcionarios do Corpo da Policía Local:

Os funcionarios do Corpo da Policía Local do Concello de Ourense incluídos no ámbito de aplicación deste anexo desempeñarán a súa xornada en quendas de 12 horas, durante 3 xornadas consecutivas, descansando logo 5 días consecutivos.

Para estes efectos, o persoal organízase en 8 equipos, integrados cada un deles por 10 policías. A secuencia das quendas será de dúas quendas en horario diúrno (de 7:30 a 19:30 horas un primeiro equipo, e de 8 a 20 horas un segundo equipo, o primeiro e segundo día de cada serie,



respectivamente) e unha quenda en horario nocturno (de 20 a 8 horas, o terceiro día de cada serie) reiterándose esta secuencia durante seis semanas para cada grupo ou equipo de policía no que se estructure a distribución de quendas, alternándose o primeiro e segundo equipo nos dous tramos horarios de entrada e saída. Na sétima semana, unha das patrullas de cada equipo realizará unha secuencia dunha quenda en horario diúrno e dúas quendas consecutivas en horario nocturno (unha na noite de sábado a domingo e outra na noite de domingo a luns), rotando cada sétima semana da serie.

C) Como consecuencia da aplicación deste réxime de quendas, o persoal do Corpo da Policía Local ao que lle resulte de aplicación este anexo disporá de 15 días hábiles anuais de vacacións, e 5 días de asuntos propios (máis os que resulten, en cada caso individual, da aplicación proporcional do previsto nas Disposicións Adicionais 13ª e 14ª do Estatuto básico do empregado público e 12ª e 13ª da Lei do Emprego Público de Galicia en relación co artigo 14, apartados 1 e 2 do Acordo regulador) sen que haxa lugar á compensación dos días festivos ou pontes cando as quendas de servizo coincidan con estes.

O goce das vacacións someterase ás seguintes regras:

- As vacacións terán que gozarse por series completas de tres días hábiles, de xeito que se simplifique o seu cálculo e planificación.

- As vacacións gozaranse preferentemente de modo simultáneo polos integrantes de cada patrulla.

Non obstante o anterior, os funcionarios de cada patrulla, poderán permutar o seu posto cos doutras patrullas para os efectos do goce das vacacións (sempre que se trate de funcionarios da mesma sección – atestados ou 092 – ou que, no caso de tratarse de funcionarios de diferentes seccións, se informe favorablemente polo inspector ao que corresponda a supervisión e organización da quenda de servizo).

- Durante os períodos de vacacións de verán, só poderán gozar as vacacións de forma simultánea un máximo de dúas patrullas por equipo (manténdose operativas tres patrullas durante as vacacións do resto) por un tempo equivalente a un máximo de tres series consecutivas. As series dispoñibles para as vacacións de cada equipo serán establecidas pola Xefatura da Policía, abranguendo a totalidade dos meses de xullo e agosto, máis as semanas de xuño e setembro que sexan necesarias para garantir o goce das vacacións pola totalidade das patrullas no período estival.

A orde de distribución dos períodos de goce das vacacións entre as patrullas de cada equipo rotarase cada ano.

- Durante o período de vacacións de Nadal, só poderán gozar as vacacións de forma simultánea un máximo de dúas patrullas por equipo (manténdose operativas tres patrullas durante as vacacións do resto) por un tempo equivalente a unha serie de oito días naturais (tres días hábiles e os cinco días de descanso asociados). Os períodos de goce estableceranse pola Xefatura da Policía, abranguendo as datas necesarias para garantir a posibilidade de que a totalidade das patrullas poidan gozar dun período de vacacións nesta época do ano.

A orde de distribución dos períodos de goce das vacacións entre as patrullas de cada equipo rotarase cada ano.

- A serie restante de vacacións (ou series, no caso de que no período estival non se escolle o máximo de tres) será escollida libremente por cada patrulla, se ben o dito dereito queda condicionado a que no período correspondente se manteña en servizo, en cada equipo, un mínimo de tres patrullas en servizo de noite.

Os días adicionais de vacacións que correspondan no seu caso, por aplicación do establecido nas Disposicións Adicionais 14ª do Estatuto básico do empregado público e 13ª da Lei do Emprego Público de Galicia gozaranse de forma separada, no primeiro ou último día dunha serie.

- Establécese, en todo caso, unha regra de peche para a distribución das vacacións no caso de conflito, fixando as normas de preferencia para a súa autorización. Nestes casos, a orde de





prelación dará preferencia, en primeiro lugar, ás patrullas nas que existan mulleres xestantes; en segundo lugar, ás integradas por persoal con fillos menores de doce anos ou maiores dependentes ao seu cuidado; en terceiro lugar, ás patrullas con maior antigüidade acumulada dos seus integrantes; en defecto dos anteriores criterios, resolverase pola concellería – delegada, en atención ás circunstancias concorrentes.

D) Nas quendas diurnas, os funcionarios disporán dunha hora para xantar, que se realizará en quendas separadas entre os equipos que estean operativos en cada xornada garantindo en todo caso a dispoñibilidade de efectivos suficientes para a atención das incidencias e servizos programados.

E) Co fin de completar un número de horas anuais equivalente ás da xornada xeral dos empregados públicos municipais, o persoal do Corpo da Policía Local sometido á xornada especial regulada neste anexo deberá realizar, anualmente, un número de horas de formación obrigatoria de 32,75 horas. Estas horas realizaranse fóra da súa xornada ordinaria pero sen afectar aos períodos de vacacións, nas datas que estableza a Alcaldía ou concellería delegada competente, conforme a un plan anual de accións formativas que deberá aprobarse no primeiro cuadrimestre de cada exercicio, e que procurará establecer criterios de flexibilidade para a elección de datas alternativas polos funcionarios afectados.

O plan poderá considerar como incluídas no número de horas de formación as realizadas polos funcionarios en accións formativas non incluídas no dito plan, sempre que se trate de accións formativas relacionadas coa función policial e organizadas e impartidas por universidades públicas ou entidades do sector público.

Por excepción, durante o primeiro ano de vixencia da xornada especial o plan de formación deberá aprobarse antes do 1 de setembro de 2022.

En todo caso, os gastos de realización das accións formativas previstas no plan anual serán de conta do Concello.

F) En materia de permisos e licenzas, aplicarase o previsto con carácter xeral na lexislación vixente e no Acordo regulador, agás no relativo aos permisos por asuntos propios, nos que será de aplicación o réxime especial previsto no apartado D) do presente anexo.

G) Vixencia: o presente anexo intégrase a tódolos efectos no vixente Acordo regulador das condicións de traballo dos empregados públicos do Concello de Ourense e do Consello Municipal de Deportes, polo que a súa vixencia e réxime de denuncia será o mesmo establecido para o dito Acordo.

Sen prexuízo do anterior, o presente anexo será obxecto de revisión entre os seis e os doce primeiros meses da súa aplicación, co fin de contrastar e corrixir calquera disfunción que puidese darse e que poña de manifesto tanto a Administración coma dos representantes dos traballadores. A dita revisión levarase a cabo pola Mesa Sectorial, que no seu caso poderá formular as propostas de modificación que se acorden entre as partes, para a súa elevación á Mesa Xeral de Negociación.

En todo caso, a vixencia deste anexo, ao establecer unha xornada diferente á xornada xeral establecida na lexislación da función pública, queda suxeita ao cumprimento por parte do Concello de Ourense, no exercicio anterior a cada exercicio no que sexa de aplicación, dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e débeda pública, e sempre que non afecte ao cumprimento do obxectivo de temporalidade máxima do 8 % das prazas de carácter estrutural no ámbito do Corpo da Policía Local, de conformidade co apartado Dous da Disposición Adicional 144ª da Lei 6/2018, de 13 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.



Para estes efectos, de producirse durante a vixencia deste anexo unha situación de incumprimento das ditas condicións, procederase á negociación colectiva – a través da Mesa Sectorial e posterior ratificación pola Mesa Xeral de Negociación – dunha fórmula de compensación que estableza unha bolsa de horas adicionais de servizo e/ou formación obrigatoria que permita acadar unha xornada efectiva de 37,5 horas en cómputo anual.

H) Disposición Transitoria: ata tanto non se modifique a Relación de Postos de Traballo do Concello de Ourense co obxecto de determinar os postos de traballo suxeitos ao réxime de quendas establecido neste anexo, manterase a suxeición a este réxime do persoal actualmente adscrito ao réxime de quendas establecido na xornada especial anteriormente vixente.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Excmo. Sr Alcalde-Presidente, levantou a sesión ás once horas e dez minutos (11h:10'), do que como Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local dou fe.

